



PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN E XESTIÓN DUN SISTEMA DE BICICLETAS DE USO PÚBLICO PARA O CONCELLO DE CULLEREDO

1. O ALCANCE DO CONTRATO:

A. SUMINISTRO E INSTALACIÓN

a) Elementos a suministrar

➤ **Suministro mínimo de 137 bicicletas:**

- O número mínimo de bicicletas a suministrar será de 137 e como mínimo existirán 40 en circulación.
- As bicicletas terán unha estética similar á prevista para o resto dos equipos obxecto do suministro. Serán de materiais e elementos axeitados para o seu mantemento posterior. Será fácil de identificar e orixinal do sistema de préstamo.
- Será unha bicicleta sencilla e robusta, evitando barras transversais que impidan o uso dun sector adulto da poboación.
- Tanto o sillín como o manillar serán regulables mediante sistema de peche rápido e non extraíbles, incluíndo tope ou sistema que elimine a posibilidade de extracción.
- Incluirá polo menos 3 marchas ou cambios.
- Disporá, polo menos, de timbre, catadióptricos non triangulares traseiros, nos pedais e nos laterais, gardabarros metálicos, cesta dianteira ou sistema similar de transporte de pequenos obxectos, parrilla ou transportín traseiro de aceiro con capacidade para 12 kg con goma de suxección para bultos e puños ergonómicos. Ademáis disporá de iluminación traseira e dianteira.
- O deseño da bicicleta atenderá ós requisitos para a integración co aparcabici.
- Incluirá lugares ou espazos para introducir publicidade ou emplazar eslóganos que fomenten a mobilidade sostible.
- Incluirán reflectores, polo menos nas dúas rodas e na zona posterior.

➤ **Tres bases para aparcas bicicletas.** A ubicación exacta a determinará o Concello de Culleredo

- Deberán ser 3 unidades de aparca bicicletas con, polo menos, 16 postos para bicicletas, de aceiro, preferentemente inoxidable ou aluminio.
- As bases deben dispoñer dun sistema de retención automático de bicicletas que. A utilización debe ser doada e exenta de riscos para que poida ser accionada polo público en xeral..
- As bases irán preferiblemente dotadas de marquesiñas para o resguardo da intemperie.



- Disporán de medidas de seguridade
- O deseño do aparca bicicletas posibilitará a integración do candado automático ou sistema equivalente e o sistema técnico de recoñecemento mais apropiado.
- Os dispositivos permitirán a retirada e a devolución das bicicletas automaticamente.
- O sistema aparca bicicletas permitirá a utilización de bicicletas de deseño urbano convencional, e, en concreto, daquelas propostas polo adxudicatario na súa oferta.
- Teranse en conta, ademais, os seguintes requisitos para o deseño e desenvolvemento deste elemento:
 - o Que o candado ou sistema equivalente do aparca bicicletas:
 - Sexa automático e que enganche parte do cadro da bicicleta.
 - Que permita ser accionado automaticamente trala identificación do usuario.
 - o Que o sistema permita coñecer as bicis existentes en cada punto de préstamo.
 - o Que permita identificar unívocamente a bicicleta a devolver mediante sistemas de identificación. Isto permitirá asegurar que a bici que se desexa devolver é unha das específicas do sistema e non calquera outro elemento.
 - o Que permita a identificación do usuario mediante tarxeta tipo chip, banda magnética ou código de barras (posibilidade de convivencia de varios tipos)
 - o Que a devolución da bicicleta se poda facer na mesma ou en distinta aparcabicis

➤ **Sistema de xestión e control**

- A xestión de todo o sistema farase a través dun centro de control onde se coordinen as tarefas de mantemento e reparación de todo o equipamento, así como da xestión administrativa e informática do mesmo a través dun ordenador central na sala de control, con base de datos e conexión da rede de cada punto de préstamo.
- A oficina ou local físico no que se ubica o centro de control será un local facilitado polo Concello de Culleredo así como o espazo para almacenar as bicicletas.
- O centro de control deberá incluír:
 - Un ordenador soporte do sistema.
 - Software, debidamente autorizado e con licenza para a xestión das bicicletas. O software permitirá:
 - Monitorizar en tempo real a o estado de cada aparcabicicetas, mostrando avisos de necesidade de traslado de bicicletas de un punto de préstamo a outro.
 - Xestionar os datos procedentes de cada punto de aluguer, xenerando estatísticas de uso por intervalos de tempo, traxectos, usuarios,
 - A xestión de usuarios: permisos, altas, baixas, emisión de tarxetas, etc...
 - Teléfono de atención ó cliente, que estará operativo, polo menos durante a totalidade do tempo de funcionamento do servizo, así como unha hora



antes e unha despois.

- **Instalación e posta en marcha dos elementos do subministro.** O adxudicatario se encargará da instalación e posta en marcha da totalidade dos elementos do sistema. Para iso, o contratista deberá de observar as seguintes instrucións:
- Deberá de realizar o seguimento e control de calidade dos equipos, con ensaios, probas e emisión dos resultados e certificados correspondentes de materiais, programas e equipos.
 - Terá que realizar ou supervisar as actividades de embalaxe, carga, transporte e descarga dos equipos.
 - Deberá de realizar a montaxe dos equipos e sistemas, obra civil e instalacións auxiliares.
 - Contratación e mantemento de liñas de banda ancha: Nos puntos de préstamo, e para a xestión do sistema, o adxudicatario deberá contratar, e asumir a súa costa liñas de banda ancha para posibilitar a conexión a Internet dos ordenadores que forman parte do subministro.
 - Realizará a posta en marcha, e probas do sistema, que deberá funcionar correctamente de forma ininterrumpida ao menos 72 horas ao inicio do funcionamento do sistema.

Calquera equipo e elemento esencial para o correcto funcionamento do sistema, considérase incluído no subministro, aínda que non se mencione expresamente.

b) Acta de recepción

Efectuada a instalación e acopio de tódolos elementos que compoñen o sistema, a instancias do contratista, e reunidos representantes do Concello de Culleredo e da empresa adxudicataria, comprobarase que os elementos subministrados cumpren cos requisitos establecidos no prego de condicións e contratados, levantando acta do acto comprensivo de tal circunstancia.

A partir deste momento, considérase que se inicia o periodo efectivo do sistema, debendo o contratista iniciar os traballos de seguimento e mantemento do mesmo.

c) Presuposto:

Establécese un tipo máximo de licitación do subministro e instalación dos diferentes elementos de **104.842,25€**

d) Prazo

O 50% das bicicletas a suministrar, o resto dos equipos suministrados e as instalacións deberán estar en servizo **antes do 30 de setembro de 2009.**



B. XESTIÓN DO SISTEMA DE BICICLETAS DE USO PÚBLICO.

a) Alcance dos traballos de xestión: efectuada a posta en marcha e entrega dos equipos, o contratista iniciará a prestación dos traballos de xestión do sistema, coas tarefas que se describen nos seguintes apartados. A empresa adxudicataria encargárase de manter en bo estado de funcionamento as bicicletas e demais elementos obxecto do contrato de xeito que o servizo se preste sempre do xeito máis eficaz e sen fallos nin interrupcións. O servizo inclúe:

- **Calendario, horario e puntos de préstamo:** O servizo se prestará tódolos días, incluídos festivos, excepto aqueles como Nadal ou Fin de Ano, no que, pola súa consideración os puntos de préstamo permanecerán pechados. Funcionará en horario ininterrompido con dúas bandas horarias segundo se trate de período de verán (meses de abril, maio, xuño, xullo, agosto, e setembro) ou de inverno (os restantes meses) No período de verán o horario de prestación do servizo será o comprendido entre as 09:00 h e as 21:00 h e no período de inverno, a prestación do servizo terá lugar entre as 09:00 h e as 19:00 h. Dependendo do funcionamento do sistema, poderá variarse o horario anterior, se ben respectando a carga horaria total.
- **Tarefas de mantemento:**
 - Almacenamento de bicicletas: A empresa adxudicataria encargárase de almacenar nun local facilitado polo Concello as bicicletas que queden en reserva para substitución de aquelas avariadas ou extraviadas durante o seu uso en préstamo.
 - Redistribución e reposición das bicicletas: Tódolos días se realizará unha redistribución e reposición das bicicletas presentes en tódolos puntos de aparcamento de xeito que, antes de dar comezo o servizo de préstamo, estean dispoñibles, polo menos, 14 bicicletas útiles en cada punto. Este número poderá variar ó longo do tempo en función da demanda de utilización de cada un dos puntos de préstamo.
 - Revisión das bicicletas: A bicicletas se someterán ás seguintes operacións programadas:
 - Diaria: Se revisarán as bicicletas presentes nos puntos de aparcamento co gallo de reparar aquelas que o requiran, garantindo así un estado de funcionamento e unha limpeza axeitados, de tal xeito que queden dispoñibles para o seu préstamo no menor tempo posible.
 - Periódica: De xeito trimestral se realizará unha revisión exhaustiva do estado do parque de bicicletas para garantir o seu perfecto estado. De cada revisión se documentará un informe exhaustivo, que se entregará, ademais de en formato papel, en soporte dixital, e no que se detallan as intervencións realizadas por cada unha das bicicletas do sistema, así como as observacións precisas ó respecto.
 - Reposición de las bicicletas: Tódolos días se repondrán aquelas bicicletas

4/8



- avariadas que se retiren usando para iso as bicicletas almacenadas en reserva.
- Avisos de avaría ou incidencias: Os responsables do sistema de préstamo nos diversos equipamentos recollerán os avisos dos usuarios, policía local ou responsables municipais, referentes a avarías ou incidencias no sistema, facéndose cargo da solución. Para iso, deben contar cun teléfono de contacto que este operativo polo menos dende unha hora antes e ata unha hora despois do horario de prestación do servizo. No caso de tratarse de avarías nas bicicletas, as recollerá para a súa reparación substituíndoas por outras do almacén de reserva.
 - Protección: Tódolos días ó rematar o horario de préstamo, a empresa adxudicataria deberá recoller as bicicletas trasladándoas ós puntos de almacenamento, para asegurar a protección das mesmas durante a noite. Os licitadores poderán obviar este requisito cando o sistema ofertado proporcione uns niveis similares de protección das bicicletas.
 - Limpeza: Corresponde ó adxudicatario manter as instalacións que compoñen o sistema en correcto estado de limpeza.
- **Tarefas de reparación.** A empresa adxudicataria se encargará da reparación das bicicletas nas seguintes condicións:
- Tódolos gastos debidos ás tarefas de reparación (materiais, man de obra, transportes, etc.) serán asumidos pola empresa adxudicataria. Os elementos utilizados nas reparacións deben ser tales que as bicicletas non sufran ningunha merma na súa calidade, debendo utilizarse repostos semellantes en características e calidade, ás pezas orixinais.
 - En caso de roubo ou cando o deterioro da bicicleta, debido a actuacións vandálicas, sufrido por algunha das bicicletas sexa tal que requira da súa substitución completa ou dos seus elementos básicos, o adxudicatario deberá poñelo en coñecemento do concello, que analizará as circunstancias e decidirá entre asumir o custo dos materiais precisos para a reparación ou ben dar de baixa a bicicleta.
 - O número máximo de bicicletas en reparación non poderá superar en ningún caso o 30% do total subministrado.
 - Así mesmo, o adxudicatario será responsable do mantemento e reparación do sistema informático na súa totalidade
 - O adxudicatario deberá contar nos seus almacéns cun stock axeitado de elementos necesarios de reparación.
- **Control do parque de bicicletas.** A empresa adxudicataria, deberá levar un control do parque de bicicletas, rexistrando a presenza ou ausencia das mesmas, o estado de cada bicicleta e as avarías sufridas. A este respecto entregárase un informe trimestral de incidencias.
- **Recuperación de bicicletas.** A empresa adxudicataria se encargará de recuperar e reparar as bicicletas que, por unha ou outra razón, se atopan abandonadas ou estacionadas en lugares inadecuados. Para iso,



atenderá ademais as indicacións da Policía Municipal e dos responsables do Concello de Culleredo

- **Servizos especiais.** A empresa adjudicataria asumirá a realización dun número determinado de servizos especiais que incluírán a carga, transporte, subministro e recollida de bicicletas destinadas a fins específicos como visitas oficiais, percorridos promocionais, inauguracións, etc. Os referidos traballos especiais se realizarán normalmente dentro do horario habitual do servizo. O máximo número de servizos deste tipo que debe asumir a adjudicataria será de 10.
- **Recollida final das bicicletas ao remate do servizo.** Revisión final e posta a punto de tódalas bicicletas. Un mes antes de rematar o contrato, e por parte do Concello de Culleredo, se revisará o estado de tódolos elementos que compoñen o subministro do contrato. Tódolos elementos deben atoparse nun correcto estado de conservación e presenza. De atopar deficiencias, darase un prazo non superior a dez días ó adjudicatario para que proceda á subsanación. Transcurrido ese prazo sen que sexan reparados os elementos, procederase á imposición das sancións correspondentes.
- **Elaboración dun informe sobre o servizo de préstamo.** Rematado o prazo de execución do servizo e antes da sinatura da acta de recepción, a empresa adjudicataria presentará un informe no que se analizarán os diferentes aspectos do uso e estado das bicicletas: incidencias, reparacións, recambios utilizados, estado de cada bicicleta, etc. O informe incluírá ademais suxerencias para a mellora do servizo, un dossier de prensa e unha colección de fotografías que reflexen o funcionamento do servizo en tódolos puntos de préstamo.
- **Outros** Ademais do recollido nos puntos anteriores, o adjudicatario deberá facerse cargo da xestión integral do sistema informático, de xeito que o funcionamento do sistema e as comunicacións estean en todo momento operativas. A este respecto, deberase:
 - Xestionar os datos de cada punto de préstamo.
 - Actualizar e manter a base de datos con toda a información de cada usuario.
 - Control da documentación xenerada e emisión de informes estatísticos sobre a operatividade do sistema que poderán ser consultados en calquera momento polos técnicos municipais.
- **Medios mínimos a empregar.**
 - Medios humanos

O persoal a designar polo adjudicatario deberá ser suficiente para levar a cabo os traballos comprendidos no prego. Como mínimo:



- Responsable do proxecto: a empresa adjudicataria nomeará unha persoa da empresa de contacto directo como responsable do proxecto
- Persoal de oficios: Encargaranse dos traballos derivados da xestión diaria do sistema, atendendo ás chamadas, recollendo as bicicletas, reparándoas, no seu caso, tramitando altas e baixas, etc...

Todo o persoal deberá ser instruído para que o seu traballo non moleste ós usuarios dos edificios e instalacións. Da falta de respecto ó público farase responsable ó adjudicatario, sen prexuízo das responsabilidades persoais que puidesen alcanzar ó traballador pola súa actuación.

- Medios materiais

Para a realización dos traballos de xestión do sistema de préstamo de bicicletas, o adjudicatario deberá dispoñer dos seguintes medios, como mínimo:

- Un vehículo tipo furgón grande para o transporte das bicicletas.
- Atención telefónica ó usuario.

b) Presuposto:

Establécese un tipo máximo de licitación para a xestión do sistema de **34.800€**

c) Prazo

O prazo de prestación dos traballos será dun ano de funcionamento real do sistema, logo da sinatura da acta de recepción dos materiais suministrados e instalados

d) Permítese a presenza de patrocinadores privados

- 2. Publicidade do sistema.** En toda a documentación técnica, equipos, difusión e demais elementos de comunicación que requira o Convenio, ten que figurar a imaxe corporativa do Concello de Culleredo, do IDAE e do INEGA.

Logo do CONCELLO DE CULLEREDO, Logo do IDAE, logo do INEGA
“Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España (E4)”
Plan de acción 2008-2012
Medidas de PLANS DE MOBILIDADE URBANA”

Esta lenda estará situada nun lugar destacado nos soportes antes mencionados, cuns tipo de letra iguais ou superiores aos do maior tamaño dos que acompañan no mesmo texto global.

Culleredo, a 16 de febreiro de 2009

7/8



CULLEREDO
CONCELLO
Concellería de
Promoción Económica

Proposto por:
Mónica López Andrade
Xefa de Servizo de Promoción Económica

Conforme:
Isidro Taibo Gago
Concelleiro Delegado de Turismo
Innovación, Industria e Comercio
(Por Resolución 1.211 de 2 de xullo de 2007)

Asdo.: Raquel Jabares Fernández
Concelleira delegada da Area de Benestar Social e Promoción Económica
(Por Resolución 1.210 de 2 de xullo de 2007 – BOP nº 176 de 01/08/07)